

DISCURSO DE MANUEL BALTAR. PLENO DO DEBATE SOBRE O ESTADO DA PROVINCIA. 17 DE NOVEMBRO DE 2020

Miñas Donas, meus Señores,

Permítanme que comece así esta intervención, expresión que utilizaba o gran Patriarca Don Ramón Otero Pedrayo, parte fundamental desa Xeración Nós que nunca imos deixar de homenaxear, especialmente neste 2020 que celebramos o 100º aniversario da aparición do primeiro número da Revista que deu nome a todo un movemento social, político e cultural.

Señoras Deputadas, Señores Deputados, moi bos días tamén para todos aqueles que están a presenciar este pleno a través da retransmisión que estamos a realizar.

Desenvolvemos un ano máis o debate sobre o estado da provincia de Ourense, unha iniciativa innovadora e que pretende adoptar acordos en base á capacidade propositiva dos grupos políticos que conforman esta corporación. Cumprimos de novo o establecido no Código ético e de conducta desta institución, texto onde quedou fixada a súa celebración no mes de novembro no que andamos, sen dúbida o mes de Ourense.

Empezamos en Ourense e logo sumáronse outros gobernos provinciais: Castellón, Málaga, Xaén, Granada, Valladolid, Córdoba..., acaba de aprobalo a Deputación de Alicante hai uns días... Sen dúbida, un acerto, como cando propuxemos a celebración das Conferencias de Presidentes de Gobernos Provinciais e celebramos a primeira da Historia en Ourense, tratándose hoxe en día xa dunha cita clásica que xa tivo parada en Badaxoz, Segovia, Granada..., con gobernos de todas as cores políticas. Marcamos o camiño.

Facémolo para falar da evolución da provincia dende a celebración do anterior debate. Facémolo para dedicar un pleno monográfico para coñecer as diferentes versións que poidan existir sobre o acontecido nos últimos doce meses. Tamén o facemos para falarmos de futuro, de propostas, de visión integral de Ourense, cuestión que a todos debe unimos.

Un ano especialmente duro dende a aparición da pandemia nas nosas vidas. E vaia por diante o meu recordo para todas as vítimas e os seus familiares, tamén todo o meu ánimo para aqueles que están a padecer o virus, facendo de novo un chamamento á responsabilidade individual no cumprimento dos protocolos hixiénico-sanitarios para acadar o éxito colectivo da superación desta difícil e dramática situación.

Un escenario que provoca que, por primeira vez na historia desta Deputación, esteamos a facer posible esta sesión plenaria co formato de videoconferencia, opción que é a escollida para tódalas sesións dos órganos colexiados desta institución para exercer a responsabilidade á que estamos obrigados e lanzar unha mensaxe de permanente preocupación ante o azote da pandemia.

Quero dirixirme tamén a todas as persoas que están en difícil situación económica e laboral, a todos os autónomos que xa recibiron unha axuda directa desta institución dentro dunha dinámica

que converteu a esta Deputación na máis social da historia. Unha administración útil e con vocación de servizo ao interese xeral, acreditada cun aparato administrativo ao que quero agradecer, ao persoal ao servizo desta deputación, a súa implicación e a súa axilidade na tramitación dos procedementos.

Unha especial mensaxe para o sector da hostalería e o comercio, especialmente castigado polas restricións acordadas para reducir os devastadores efectos desta virulenta pandemia da Covid-19. Todas as administracións temos a obriga de ser sensibles ante unha crise destas características e dispoñer as axudas precisas e decisións administrativas que mitiguen os negativos efectos dun escenario tan imprevisible como este.

Non é este un pleno para falarmos do moito que fixemos en tantos campos, e que seguimos facendo, as múltiples iniciativas cooperadoras e imaxinativas postas en marcha durante esta pandemia, porque son coñecidas. Tampouco para falar dos lamentables atrancos e denuncias que alguén que merece todo o desprezo posible puxo e sigue poñendo diante da acción deste motor provincial.

É tempo de falar de retos e desafíos. Dentro dun operativo vixente e que estamos a cumprir, o Plan de mandato Ourense 7273, o único que coñeceu o electorado antes dos comicios de 2019. Tempo para aprobar novos obxectivos e novas mecánicas de traballo como as que integran as propostas de resolución que este pleno vai a aprobar.

Nun tempo, estes doce meses transcorridos dende o pasado debate sobre o estado da provincia, onde os ourensáns e ourensás volveron falar co seu voto apostando polo rumbo que querían para Galicia. Unha Galicia que non se entende sen Ourense. Un Ourense que votou apostando pola colaboración existente entre este goberno e o executivo autonómico.

Tempo para falar da intelixencia do rural. Da materia pendente que temos de recapitalizar o rural, recuperando o talento experto do rural. Unha teima na que imos xuntos coa Universidade de Vigo, co noso campus de Ourense, sendo capaces de organizar un congreso internacional que concluíu coa Declaración de Santo Estevo, asumida por entidades nacionais e internacionais. Porque falamos dende Ourense dun novo contrato social para o rural, e o facemos crendo na vantaxe competitiva do SLOW.

Falamos da política xeral na provincia de Ourense, un territorio cunha indubidable vocación europeísta. Esas institucións comunitarias que ven a Ourense como un *living lab* único. E máis si somos capaces de xerar ecosistemas vibrantes de innovación social, como o ecosistema de innovación rural ben traballado dende a Área de transparencia e goberno aberto desta Deputación e xa cunha clara oportunidade a medio prazo de ser unha realidade.

Falamos de Ourense e do seu futuro, un reto planificado. Seguimos a ser unha administración rigorosa, previsible e ben xestionada, cun cronograma claro de obxectivos por cumprir, cal é o Plan de mandato 7273. Falamos de xeografía afectiva nos cen anos dunha xeración única na historia de Galicia, universal, vangardista, referencial. E o facemos concretando, facendo provincia día a día con acordos coordinados e realidades ben propostas, sexan os novos GES en A Veiga e en Maceda, para completar aínda máis e mellor o Mapa provincial de emerxencias; sexan as

axudas directas a autónomos ou a colexios profesionais, como o de economistas ou entidades como a CEO ou a Federación de Comercio de ámbito provincial, ou sectoriais como as de Empresarios de San Cibrao ou as de Valdeorras; sempre coa defensa do interese xeral de Ourense por riba de calquera outro, aínda que representemos a moitas outros territorios de España formando parte, por exemplo, da Xunta de Goberno da FEMP, plataforma perfecta para observar o desprezo do goberno central ás entidades locais, protagonistas como fomos da derrota no Congreso do executivo socialista-comunista.

É sempre moi importante falarmos tendo en conta o escenario global onde Ourense opera. E lembro que hai tres anos, 25 de marzo de 2017, no 60º Aniversario do Tratado de Roma, todos recoñecíamos que Europa é hoxe o mellor sitio do mundo onde pode nacer un ser humano. Somos só o 7 % da poboación mundial, mais somos o 22 % da riqueza do planeta e gozamos do 58 % de todo o gasto social. Estas son as magnitudes que definen a grandeza do proxecto europeo. Un proxecto onde esta Deputación participa activamente, máis ca ningún outro goberno provincial de España. Un traballo en rede que permite, sempre por elección unánime, que teña a honra de seguir presidindo Partenalia –a Asociación europea de gobernos provinciais- e a European Historic Thermal Towns Association –A Asociación Europea de Cidades Históricas Termiais-. Ferramentas como a Confederación Europea de Poderes Locais Intermedios (CEPLI) onde son o único representante de España e da que son vicepresidente. E a curto prazo a entrada desta Deputación no Eixo Atlántico, sen dúbida un excelente instrumento para seguirmos avanzando na cooperación territorial.

Un traballo político deste goberno representando a Ourense, e agradezo o apoio recibido dos deputados e das deputadas que o conforman, onde a moderación e o centrismo, entendido como posición afastada dos radicalismos, son o noso guieiro. Porque o centrismo non é unha ideoloxía nin unha doutrina política. O centrismo é unha vontade. E a nosa vontade é seguir transformando Ourense.

A dinámica deste goberno é construír, facer, erguer, fornecer, contraposto á actitude destrutiva doutros, aqueles que se levantan sempre contra alguén ou contra algo. Momento para fuxir daquela perversión que denunciou Michael Ignatieff en “Lume e cinzas”, as memorias da súa vida política, cando se refería á “descualificación e destrución persoal do adversario para negarlle o dereito a intervir no debate público”.

Momentos difíciles, sen dúbida, momentos nos que o consenso faise máis necesario ca nunca. E da a sensación de que a máis partidos, menos acordos. Sen dúbida o fracaso daquilo que deron en chamar hai ben pouco “a nova política”, para min sinónimo do “peor da vella”.

Por iso debemos sempre ir da man de Ourense, coñecer a provincia, amala, aprender dos erros para superalos e seguir falando de todo. Porque como escribiu Ortega y Gasset, nun dos parágrafos finais de “Epílogo para ingleses” da súa “Rebelión de las masas”... “toda realidade ignorada, prepara a súa vinganza”.

Esta Deputación, este goberno provincial, ten que ter opinión de todos os temas, ten que contar. Un goberno decisivo, con postura clara, sen absterse, porque a nosa forza depende dun criterio sólido e ben conformado. Por iso neste debate tal circunstancia debe quedar de manifesto. E poder

proclamar, por exemplo, a necesidade de regular e definir regras para as novas realidades que a dixitalización introduciu no mercado de traballo; aportar propostas en calquera campo sendo conscientes, por exemplo, de que a vacina contra o covid-19 porá a proba o sector da loxística; explorar o protagonismo que lle podemos dar desde esta institución aos bonos verdes para construír o novo ciclo; seguir insistindo no papel proverbial que pode xogar o noso monte, un valor seguro na era covid, terreo para novos investimentos: sector forestal, renovables, madeira, alimentos e ocio; poder compartir aseveracións tan contundentes como que a dotación de banda ancha no rural é agora máis importante que asfaltar estradas, a conectividade é un factor esencial. Porque as crises cambian as prioridades da xente. Hai que saber adaptarse.

Ourense conta con este goberno para protagonizar a recuperación. Para estar ao lado de sectores como o do viño, nun momento actual de incerteza; para poñer de relevo a comunicación interna como o mellor aliado nos momentos críticos; para apoiar a quen está a vivir un auténtico drama como son os autónomos, ese sector servizos que aglutina a comercio, hostalaría e transporte.

Convertamos as oportunidades en éxitos. Hai futuro para os que queiran emprender, en proxectos vencellados ao teletraballo, comercio dixital ou ciberseguridade. A implantación de modelos circulares é un aspecto clave da nova estratexia verde da Unión Europea .Hai que planear o equilibrio estrutural futuro. A innovación é o mellor aliado da agricultura do século XXI .Afondemos na inserción laboral das persoas con discapacidade. Creamos e persigamos un novo modelo sostible, dixitalizado e rendible para o turismo. Vexamos no 5G, unha era chamada a transformar a economía, que permitirá desenvolver os territorios intelixentes e mellorar a calidade de vida da veciñanza.

En definitiva: confianza, a palabra clave para a recuperación.

Nada pode xa analizarse, entenderse ou proxectarse sen ter en conta o impacto e os efectos do coronavirus. Non hai precedentes, tanto no que se refire a un impacto tan global como aos seus efectos ou ás ferramentas para a súa recuperación, o que fai aínda máis complexo do que xe soe ser habitual tanto a interpretación do que está a pasar como de predicir o éxito das accións a desenvolver.

O virus atacou ferozmente a un mundo que presumía da globalidade, e deixou o descuberto a fuselaxe da educación, da sanidade e mesmo da economía de todas as sociedades, da súa reacción rixida e lenta na xestión dos datos. E nun principio tamén as alertas responderon lentas e desbordadas polos acontecementos. E aprendemos que non decidir era a peor opción, e que era obrigado tomar camiños e decisións porque a situación non era nin é pasaxeira. E facelo ca maior rapidez posible, porque está comprobado que en tempos de tempestade non se debe dar o barco ó vento, e porque se está comprobando que as administracións máis lentas están sendo substituídas polas que responden máis rápido.

Nunca transformación tal coñecemos en tan pouco espazo de tempo.

A aparición do Covid desencadeou unha crise sanitaria sen precedentes, na que as administracións nos implicamos na medida das nosas posibilidades, aínda sen coñecer moi ben a

que nos enfrontabamos, intentando capacitar e axudar ós sistemas de saúde e asistenciais a salvar vidas.

Esta primeira fase durou ata avanzado o mes de xuño, cando se retomaron as actividades non esenciais, momento no que esta Deputación entendeu que tiña que prestar atención as súas obrigas no ámbito socioeconómico. Estas eran:

- a) Protexer e arroupar á poboación máis vulnerable e ós grupos máis desfavorecidos.
- b) Analizar o impacto e profundidade que estaba tendo a primeira crise económica realmente global da historia da Humanidade, e a maior de alo menos o último século.
- c) Preparar e implementar as medidas que, de forma complementaria ás desenvolvidas por outras AAPP, actuasen de factor multiplicador e acelerador da recuperación económica de empresas e familias.

Desde o inicio desta fase, o OE Ou asumiu unha parte relevante do impacto que estaba a producir o Covid na economía da provincia. Dispor dunha batería multifocal de datos e indicadores que nos serven para ter monitorizadas as constantes vitais da provincia, resultou especialmente proveitoso, tanto para facer un axeitado diagnóstico como para logo abordar medidas, tratamentos e políticas reais.

Os trece documentos elaborados polo OE Ou nos últimos sete meses, todos eles públicos e que están dispoñibles na web, marcaban dende o principio as características da crise e os retos que se presentaban no ámbito socio-laboral en cada momento. E de todos eles me parece importante destacar catro:

- i) Desde o primeiro momento se apunta a enorme gravidade da situación, advertindo que a crise económica sería moi relevante e moi fonda.
- ii) Sublíñase tamén xa nos documentos iniciais que estábamos ante unha crise irregular tamén no económico, porque ó igual que había unha poboación máis vulnerable ó virus, había tamén sectores económicos nos que os efectos eran e serían moito máis significativos ó longo dos meses que estaban por vir. E aí se apuntaban tres sectores de risco moi severo: Hostalaría, Comercio e Turismo, estendéndose aos provedores altamente enfocados a estes sectores, incluíndo o sector de Material de transporte. Ademais se sinala outro conxunto de sectores heteroxéneos que presentaba un risco alto, moi vencellados á actividade económica, como a construción e o Transporte- almacenamento; ademais de sectores de servicios como as Actividades recreativas e culturais ou a Educación non regrada, así como sectores industriais altamente exportadores.
- iii) Advírtese da existencia duns niveles tan altos de volatilidade e incerteza que os resultados de calquera modelo dirixido a cuantificar exactamente o impacto da crise ou o horizonte da recuperación deberían de tomarse con gran cautela, se ben non eran elementos prioritarios nun contexto tan delicado e de crise tan profunda.

iv) Despois de salvar vidas e estabilizar no posible a situación sanitaria, ata que nos acheguemos a un escenario que permita a progresiva normalización, que non se prevé ata ben entrado 2021, as prioridades diríxense a inxectar liquidez, a asumir e realizar o gasto comprometido, adiantar

pagos, manter proxectos e axudar a que a maior parte posible da actividade económica de provincia resistise.

A crise puxo de manifesto que, para este último obxectivo, a economía ourensá posuía un extraordinario aliado: unha estrutura económica (de ocupación, de situación laboral, de tipoloxías de rendas dispoñibles) que a dota dunha maior resistencia. As rendas dispoñibles e mesmo a ocupación e actividade deixaron á vista unha capacidade máis inelástica que outras economías, ante crisis moi acentuadas e bruscas como é a que estamos a vivir. Esta realidade ven sendo avalada polos datos unha e outra vez ó longo dos últimos meses.

A modo de exemplo, de todos os datos que fan referencia á situación económica actual da provincia, que foron presentados a pasado semana, e que están a seus dispor na web do OE Ou, vou falar aquí solo tres que me parecen esenciais para marcar a situación e recuperación da economía provincial:

-No que se refire a ocupación dos traballadores, e debendo ter sempre presente en calquera análise ao respecto que os afectados polos Expediente de Regulación de Emprego inclúense nos ocupados, compre destacar que despois de caer ata os 109.000 ocupados no segundo trimestre do ano, as cifras da EPA do terceiro trimestre volven a situar o número de ocupados na provincia de Ourense en 115.700 persoas, 6.300 ocupados máis dos existentes no trimestre anterior, e 4.600 máis dos contabilizados na EPA do terceiro trimestre de 2019, o que significa un crecemento interanual na provincia de Ourense do +4,14 %, que contrasta cas caídas en termos de ocupación tanto en Galicia (- 2,09 %) como en España (-3,51 %) no mesmo período.

-O segundo dato ao que quero facer referencia e o número de empresas que cotizan á seguridade social. Entre o 29 de febreiro e o 30 de setembro a provincia de Ourense perdeu un 1,3 % das empresas que cotizaban á seguridade social isto é dúas décimas menos das que perde Galicia (que cae o 1,5 %), e mais dun punto e medio menos que a porcentaxe de empresas cotizantes que perde o conxunto de España nese mesmo período (un 2,9 %).

-E o terceiro indicador, especialmente relevante para esta Presidencia xa que atinxe ás persoas e o seu benestar, refírese ao número de fogares nos que non hai ningún receptor de ingresos. Ó peche do terceiro trimestre de 2020 esa cifra descende medio punto en comparación co trimestre anterior, situándose no 2,3 %, case un punto menos que a media galega que está no 3,1 %.

Podería seguir facendo unha radiografía máis longa, non polos datos en si, senón polo que deles se destila e das tendencias que marcan sobre a resistencia da nosa economía e das nosas empresas e empresarios. Pero non lle vou dedicar máis tempo, sinxelamente porque resistir está ben como referencia, e o tivo claro esta institución cando puxo o seu foco de atención nas axudas aos autónomos e aos máis desfavorecidos. Pero nin é suficiente nin é ó que aspira esta presidencia.

De feito, aínda en circunstancias tan adversas como as da pandemia que estamos a sufrir, quero lembrar o obxectivo exposto para a provincia por esta Deputación, cando os tempos aínda eran sans, de acadar os 106 mil afiliados e que a taxa de paro se sitúe por baixo do 12%, retos que quero manter aínda na excepcionalidade.

Pero mais alá do análise e a consideracións dos datos concretos dende unha visión “curtoplacista”, debemos de tratar de orientar os análises mais cara ao medio e o longo prazo, sobre todo cando intuimos que unha crise tan fonda acelerará os procesos de cambios de paradigmas. E xusto aí onde quero eu dirixir a atención e o esforzo da Deputación.

Si quero facer unha reflexión de fondo. Do subministro continuado no tempo de datos e análise do OE Ou vense observando que algo está cambiando nos nosos comportamentos, que a nosa realidade provincial amosa novas posicións, que hai unha economía social que semella que se está a transformar, e que estanse a reconfigurar certos valores da economía provincial que ata o de agora viñamos tratando como invisibles. Ourense avanza por un camiño diferente ao do seu entorno e ao dos territorios lindeiros, cos que a veces nos comparamos sen que as posicións -polo que se percibe- sexan sempre homologables.

É aínda pronto para entender si esas variacións que se están a albiscar a través das análises que fai o OE OU pasarán a ter carácter estrutural ou serán circunstanciais, e mesmo haberá tamén que pescudar canto de influencia ten a pandemia nestas realidades sociais que parecen estar a mudar, en que medida é a causa, ou si só é unha escusa. Pero non estaría de máis que empezásemos a valorar si é chegado o momento de redefinir, “resetear” e poñer ao día os nosos obxectivos e as nosas fortalezas. E desde logo, as nosas certezas, e polo tanto, tamén as decisións e as iniciativas que mellor nos conveñen no novo escenario.

Considero que este é un debate obrigado, colectivo e urxente. Que nos incumbe a todos. E por suposto a esta Corporación. Porque é de vostedes tamén. E a vostedes lles corresponde decidir de que lado queren estar.

Así pois, a realidade socioeconómica que se albisca será, e parece altamente probable, moi diferente á que vivimos durante os vinte anos que levamos de século XXI. Por elo, o noso principal propósito a partir de agora será ver como somos capaces de incrementar a calidade de vida dos ourensáns nese novo escenario. E na nosa vontade está crear administración áxil, adaptativa, proactiva, transparente e aberta á participación dos cidadáns e a colaboración cas empresas. Unha administración preparada para estar en tempo e forma alí onde os cidadáns a precisen, sexan tempos despexados ou de tormentas.

Podería dicirse que agora empeza todo.

E para abordar esta nova realidade é o momento de cuestionar -e debemos facelo sen retrovisores- algúns dos axiomas que ata antonte, como quen di, se daban por incuestionables, e que nos auguraban esmorecer inevitablemente como provincia. É o caso da aposta por un “desarrollismo construído” a partir de núcleos urbanos, a penalización das transferencias públicas ou mesmo a asociación dos territorios con baixas densidades de poboación, coma o noso, con espazos de declive económico. A este último respecto compre lembrar que con densidades de poboación iguais ou inferiores á nosa tamén se atopan todas as NUTS 3 da boiante Finlandia (salvo a de Helsinki), 14 das 21 NUTS 3 da modélica Suecia ou 17 das 19 da puxante Noruega. A maioría delas teñen densidades por baixo incluso dos 12,5 habitantes por km², fronte ós máis de 42 da nosa provincia. Non se trata, entón, de tomar como referencia aos que son máis, senón aos que son mellores, independentemente da súa poboación.

E o mesmo podería dicirse da poboación pensionista que aporta cada ano case mil millóns ás rendas dispoñibles da provincia, ou dos 26.000 empregados públicos que nos fan menos fráxiles como sociedade. Ata agora eran estigmas, pero no novo escenario esa consideración está a mudar e están pasando a formar parte das nosas máis sólidas posibilidades.

No reto de impulsar a construción dun novo modelo de crecemento económico, temos apoios que, ademais de atoparse enraizados, medran na estrutura socioeconómica que está a mudar, e están ademais convenientemente aliñados cos obxectivos fixados pola Unión Europea para construír o modelo económico que se está a impulsar dende Bruxelas. Nesa liña quero resaltar aspectos que deben de ser parte central do noso traballo para os próximos meses:

A.- En primeiro lugar, a fortaleza da estrutura empresarial da provincia en sectores económicos claves e estratéxicos, como é o sector agroalimentario, a economía verde e a innovación, os tres con soportes formativos a potenciar nas estruturas do Campus porque son xacementos preferente de ocupación laboral con alta potencialidade:

1. Respecto da fortaleza do sector agroalimentario ourensán, solo vou aportar dous datos:

- A taxa de crecemento do número de ocupados na provincia no sector da agroalimentación, en termos interanuais chegou ao 43,6 % (fronte a unha perda en Galicia de case 10 puntos).

- O número de ocupados na provincia de Ourense na industria agroalimentaria representou no terceiro trimestre o 14,5 % do total desta industria en Galicia, a cifra máis alta da última década (no III trimestre do 2019 estaba no 8,9 %).

2. No que atinxe á oportunidade de impulsar o sector da economía Verde, a economía circular, o aproveitamento debe ir vencellado aos grupos empresariais de referencia nacional e internacional asentados na provincia, tanto no ámbito da construción como da xestión e reciclaxe de residuos. A creación dun ecosistema para a creación de emprego, integración e desenvolvemento profesional de traballadores mozos nun sector que rexistrará un gran crecemento da demanda no futuro.

3. Asemade, debemos facilitar a creación dos elementos necesarios para impulsar un ecosistema de innovación, a partir do impulso de estratexias de colaboración público-privadas que aposten tanto polo coñecemento existente como pola inmersión en novos saberes aplicados que se conecten coa agroalimentación e coa economía verde. Temos que ser capaces de artellar sinerxias entre estes tres vectores e intentar explorar e avanzar en novas fortalezas.

E nesta liña penso tamén no Parque Tecnolóxico de Galicia, do que a Deputación é socio, e no que están xa Centros de I+D+I como el Centro de Investigación, transferencia e innovación da Universidade de Vigo, construído en terreos comprados e cedidos no seu día por esta Deputación á UVigo, ou o Centro Tecnolóxico de la Carne. O Parque debe ser chamado a xogar un papel clave nesta aposta, e nese propósito deberemos reforzar a nosa presenza e implicación no seu aproveitamento.

Debemos amosar con claridade a nosa seguridade, que Ourense é un espazo seguro, optimista, diferenciado e competitivo. Debemos crear unha maneira propia de facer as cousas que non sexa peor nin mellor pero que sexa a nosa.

Os datos nos din, unha e outra vez, que debemos explorar camiños propios. E novos. E temos motivos e fundamentos para intentalo, e capacidades e recursos para andalos, porque a nosa estrutura socioeconómica ten resistencia de seu, a nosa poboación ten afáns propios e o noso territorio estanos a pedir miradas novas.

Debemos ser atrevidos, dar pasos, buscar outros referentes distintos aos que nos trouxeron ata hoxe. Temos que arriscar. E temos que deixar os pesimismos e lamentos para tempos mellores, porque estes son demasiado malos para deterse en queixas, e sería irresponsable facelo.

B.- O noso esforzo tamén debe encamiñarse a tirar proveito da situación transfronteiriza da nosa provincia. Vennos acaída unha posición privilexiada para liderar programas de cooperación con outras rexións, que impulsaremos a partir dunha maior participación e presenza no territorio da eurorrexión Galicia-Norte de Portugal. E aspiraremos a que Ourense teña o liderado que lle corresponde nas actuacións relacionadas cos sectores expostos, e que se porán en marcha principalmente a través dos programas de financiación incluídos no marco "Next Generación UE". E destaco aquí, actividades como a industria do automóbil ou a industria extractiva da lousa, por ser sectores sinalados como prioritarios dentro do plan de recuperación económica Next Generation UE.

Nesa liña cumpre dicir que desde a aprobación do mencionado Plan de recuperación, na xuntanza extraordinaria de xullo do Consello europeo, esta Deputación está a traballar para detectar os desafíos e aproveitar oportunidades que nos ofrece o Plan, así como para garantir unha repartición territorial equitativa dos mesmos, impulsando liñas de traballo que, tendo cabida tanto no Plan de Recuperación como no Pacto Verde Europeo, permitan mediante o impulso de proxectos público-privados favorecer o crecemento económico provincial a través da intensificación dos procesos de dixitalización e a aceleración da transición cara modelos económicos máis sustentables.

É tamén un reto de todos nós, traballar para garantir unha repartición territorial equitativa dos fondos e para que as entidades locais xoguen o papel que lle corresponde, e que ven recoñecido claramente nas normativas legais que afirman que *"las políticas de empleo, en su diseño y modelo de gestión, deberán tener en cuenta su dimensión local para ajustarlas a las necesidades del territorio, de manera que favorezcan y apoyen las iniciativas de generación de empleo en el ámbito local"* (art. 4 lei de emprego).

Unha liña a de combinar o local e o global que se alíña co papel preponderante que da a Unión Europea aos Entes Locais (municipios, deputacións, mancomunidades) na responsabilidade da aplicación de tales políticas no seu ámbito concreto (nesa liña tamén cómpre recordar a relevancia que o factor local ten na política social europea).

E remato. Os profundos cambios que está provocando o Covid na actividade económica e no mercado laboral fan obrigado repensar a situación das economías locais. Pero os efectos da

pandemia non son os únicos que transformarán profundamente o emprego e a maneira de traballar. Iso ía acontecer de todos modos. O virus só o acelerou.

Son momentos de cambios tecnolóxicos masivos, de cambios significativos nos modelos de produción e nos comportamentos dos cidadáns. E estanse producindo de maneira extraordinariamente acelerada. Todo o noso redor parece estar a seguir esa máxima que di: “Se mantés o control do que estás a facer é porque non vas o suficientemente rápido”.

As institucións temos a obriga e a oportunidade de poñernos ao fronte e encontrar o punto correcto de equilibrio entre o que somos e o que nos corresponde ser nestes novos tempos. A aprendizaxe non debe deterse, tampouco para nos.

Deputadas e Deputados, fagamos que todo empece hoxe. Suxírolles abrir futuros. A novos tempos, novos obxectivos. E a Deputación, a soprarlles vida.

Desde agora encontraranos nesa convicción.

Señoras Deputadas, señores Deputados, ourensáns e ourensás, permítanme que remate esta intervención coas últimas verbas “das primeiras verbas” da Revista NÓS (hai 18 días do centenario da aparición do primeiro Número, 30-outubro-1920)

“E, ós que s’asombren da nosa confianza, da nosa firme ledicia ó principiar un traballo rudo, hemoslle dicir que témola evidencia de sérmolos millores, os máis doados, os máis fortes; de que tódalas forzas do espírito están connosco, de que imos triunfar por sermos nós, por sermos galegos, e por seren o Tempo e o Mundo os que o piden...”

Nós conta achar agarimo e xenerosa axuda en tódolos que sintan diste xeito.

A tódolos que nos lean. (e a todos os que nos vexan e escoiten)

SAÚDE E TERRA”

Dixen.

Graciñas.